

**IRENE SUÁREZ LÓPEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)**

**CERTIFICO:**

Que por Resolución da Alcaldía 882/2023, de data 19 de outubro de 2023, ditouse a resolución que a continuación se reproduce:

**“RESOLUCIÓN. Aprobación expediente de contratación.**

Exp. 1467/2023. Visto o proxecto da obra **“Mellora da drenaxe e renovación dos pavimentos no Camiño da Costa”**, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Antonio J. Durán Maciñeira, cun orzamento de 39.366,42 euros e 8.266,95 euros de ive, o que importa un total de 47.633,37 euros, incluído no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal, POS+2023, POS+ Adicional 2/2023, 1ª fase, da Deputación Provincial da Coruña.

Visto o acordo do Pleno da Corporación, de data 13 de febreiro de 2023, no que se inclúe a obra **“Mellora da drenaxe e renovación dos pavimentos no Camiño da Costa”** no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, POS+2023, Plan Complementario, da Deputación Provincial da Coruña.

Visto a comunicación da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada nº 2023-E-RC-2293, de data 16/10/2023, pola que se levanta a condición suspensiva para a licitación da obra **“Mellora da drenaxe e renovación dos pavimentos no Camiño da Costa”** tras a recepción da autorizacións sectoriais preceptivas da Axencia Galega de Infraestruturas, do Servizo de Patrimonio Cultural e de Augas de Galicia, así como emisión de informe técnico municipal.

**Denominación:** “Mellora da drenaxe e renovación dos pavimentos no Camiño da Costa”

**Código da obra:** 2023.2102.0318.0

**Orzamento:** 47.633,37 ive incluído

**Financiamento:** A actuación a desenvolver será financiada con cargo ao Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, POS+2023, Plan Adicional 2/2023, da Deputación Provincial da Coruña.

Visto as características do contrato que se pretende adxudicar:

Tipo de contrato	Obras
Obxecto do contrato	“Mellora da drenaxe e renovación dos pavimentos no Camiño da Costa”
Procedemento de contratación	Aberto simplifícadísimo
Tipo de tramitación	Ordinaria
Códigos CPV	45111000-8; Traballos de demolición, explanación e limpeza do terreo. -45230000-8; Traballos de construción de tubaxes, liñas de



	<p>comunicación e liñas de condución eléctrica, de autoestradas, estradas, aeródromos e vías férreas; traballos de explanación.</p> <p>-45232400-6; Obras de rede de sumidoiros</p> <p>-45232410-9; Obras de saneamento</p> <p>-45232451-8; Traballos de drenaxe de superficie</p> <p>-45233140-2; Obras viais</p> <p>-45233229-0; Mantemento de beiravías</p> <p>-45233222-1; Traballos de pavimentación e asfaltado</p> <p>-45233294-6; Instalación de sinalización viaria</p> <p>-45233221-4; Traballos de pintura da superficie da calzada</p>
Valor estimado do contrato	39.366,42 euros
Orzamento base de licitación sen IVE	39.366,42 euros
IVE	8.266,95 euros
Orzamento total de licitación con IVE	47.633,37 euros
Prazo de execución	3 meses
División el lotes	Non, segundo o establecido na memoria xustificativa sobre a necesidade da contratación, Informe técnico municipal e Resolución da Alcaldía 90/2023

Visto que no expediente está xustificada a necesidade de proceder á licitación da obra para satisfacer o interese público. Visto o Informe de Secretaria-Intervención e redactado o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de conformidade co artigo 117 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,

### RESOLVO:

**Primeiro.** Aprobar o expediente de contratación mediante o procedemento aberto simplifícadísimo, cun único criterio de adxudicación, factor prezo, para a adxudicación da obra denominada **“Mellora da drenaxe e renovación dos pavimentos no Camiño da Costa”**, financiada ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, POS+2023, POS+ Adicional 2/2023, 1ª fase, da Deputación Provincial da Coruña.

**Segundo.** Autorizar o gasto por importe de 47.633,37 euros, ive incluído, correspondente á aplicación orzamentaria 1532.61911 do vixente orzamento de gastos.

**Terceiro.** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a licitación do contrato, mediante procedemento aberto simplifícadísimo, cun único criterio de adxudicación, factor prezo, mediante a aplicación de fórmulas e tramitación ordinaria.





**Cuarto.** Segundo o establecido na resolución de autorización remitida pola Axencia Galega de Infraestruturas, esixirase ao adxudicatario da obra a constitución dunha garantía de 900,00 euros, polo prazo dun ano, que responda dos potenciais danos que se poidan provocar ao dominio público viario, que será depositada na Axencia Tributaria de Galicia, a favor da Axencia Galega de Infraestruturas. A efectos de coñecemento polos licitadores da dita condición, incorpórese aos documentos da licitación a publicar na Plataforma de Contratos do Sector Público a Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas.

**Quinto.** A Unidade de Asistencia Técnica estará constituída por D<sup>a</sup>. Irene Suárez López e D<sup>a</sup>. Susana Fernández Muiño.

**Sexto.** Publicar anuncio de licitación no Perfil do Contratante da Plataforma de Contratos do Sector Público, empregando o sistema de licitación electrónica.

**Sétimo.** Dar traslado da presente Resolución aos departamentos de Intervención e Tesourería debido aos efectos económicos implícitos na presente resolución. “

E para que conste ós efectos oportunos, expido a presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Fernando Couce Rodríguez, en Cabanas, na data que consta á marxe.

